

Segundo a orde do 12 de marzo de 2013 pola que se regula o **PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN** de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2016-2017.

### INFORMAMOS :

- 1. DO 1 AO 15 DE FEBREIRO:** Prazo de reserva dos centros adscritos.
- 2. DO 1 AO 20 DE MARZO (ESTE ANO ATA O 29 DE MARZO):** Prazo de presentación de solicitudes para Ed. Infantil e Ed. Primaria. ((Imprescindible a presentación do DNI do alumno ou fotocopia do libro de familia acompañando á solicitude).

### IMPORTANTE:

- Cada solicitante **presentará unha única solicitude** no centro que se solicita en primeiro lugar e nela poderán relacionarse ata seis centros por orde de preferencia. **A solicitude perderá os dereitos de prioridade** cando se presente máis dunha ou cando se comprobe falsidade da documentación achegada polo interesado.
  - O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro ( no que está matriculado) se presenta unha solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicalo ao centro de orixe.
  - O Colexio La Salle Inmaculada, otorgará o punto por criterio complementario aos alumnos de tres anos que sexan antigos alumnos do Colexio ou de calquera centro La Salle.
- 3. DO 1 AO 12 DE ABRIL:** Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios a puntuar na solicitude ( en caso de haber máis demanda que oferta).
  - 4. ANTES DO 25 DE ABRIL:** Publicación das **listaxes provisionais**.  
Ábrese un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, para formular reclamacións ante o titular do centro educativo. A estimación ou desestimación das reclamacións, entenderase realizada a través das listaxes definitivas.
  - 5. ANTES DO 15 DE MAIO:** **Listaxe definitiva** de admitidos e non admitidos. (contra esta relación definitiva, pódese formular reclamación ante o titular da Xefatura territorial da Consellería de Educación, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación. A resolución porá fin a vía administrativa).
  - 6. DO 20 AO 30 DE XUÑO:** Formalización da matrícula para Ed. Infantil e Ed. Primaria.